

MAN DE CAMELLE

Proxecto e ilustracións de **CARMEN HERMO**

Limiar de **ANTÓN CASTRO**

Encadernado en cartón. 21 x 29,7 cm. 48 páx. 18 €.

Edición trilingüe galego-castelán-inglés.

Tradución ao inglés: Carlos Heras.

ISBN 978-84-8464-437-8. Colección de Arte.

PREMIO GALA DO LIBRO GALEGO 2019 DE ILUSTRACIÓN

A arte era un sentimento e a súa lectura, un estado da alma...

Antón Castro

Manfred Gnädinger chegou a Camelle en 1961; tiña 25 anos. A carón do mar e ao longo de catro décadas, construíu o seu xardín-museo artellando pedras e ósos, reutilizando as crebas que depositaba a marea, moldeando a natureza e mesmo experimentando unha transformación persoal que forxou a súa icónica figura de solitario anacoreta. Este libro de Carmen Hermo -artífice do proxecto MAN (Mar, Arte e Natureza) e comisaria da exposición permanente na Casa do Alemán- é unha homenaxe a ese home culto, auténtico e vital, e ao seu singular legado artístico.

A súa obra era a súa vida; unha vida truncada o 28 de decembro de 2002, un mes despois do desastre do Prestige e da marea negra que tinguu de chapapote a súa obra. Carmen Hermo recrea a lapis -unha das técnicas máis tradicionais- os principais episodios da súa biografía, dende o intenso azul dos seus ollos ata o círculo final que para Man representaba "o absoluto", só superado polo punto, emblema do "espazo-ceo".

E así, de círculos e puntos encheu o seu humilde fogar. Tralo seu pasamento recolléronse máis de 3.000 pezas -libros, pequenas esculturas, poemas, debuxos, autorretratos, fotografías en branco e negro- e preto de 2.500 libretañas nas que os visitantes deixaron a súa pegada gráfica.

Quizais sen ser consciente da trascendencia das súas creacións, Man bebía das fontes do romanticismo alemán que Caspar David Friedrich e Friedrich Hölderlin plasmaron na pintura e na poesía, respectivamente. Como tampouco tería noción de ir da man doutros artistas europeos coetáneos como Nils Udo, Richard Long ou Andy Goldsworthy, ou dos estadounidenses Robert Morris, Robert Smithson ou Walter de Maria. Land Art, Body Art, Installation Art, Arte Povera ou Art Brut están tamén presentes no imaxinario de Man de Camelle.

Eterna e ao tempo efémera -xa que logo, desaparecida en boa parte- o patrimonio cultural de Man recolleuse nunha mostra aberta no museo que leva o seu nome, inaugurado en 2015.

<http://www.mandecamelle.com>

www.**Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com



■ **Temática:** homenaxe á figura e ao legado artístico de Manfred Gnädinger, Man de Camelle.

■ **Idade recomendada:** todos os públicos.

■ **Aspectos destacables:** libro de artista, libro visual; arte, natureza, cultura; Costa da Morte; proposta aberta a que o público faga a súa propia reflexión da vida e da obra de Man.

■ **Avance do libro:**

https://issuu.com/kalandraka.com/docs/man_de_camelle

Carmen Hermo

(A Coruña, 1967)

Doutora en Belas Artes pola Universidade de Vigo dende o 2003, licenciada pola Universidade de Salamanca. Dende 1991 dedícase á docencia, actividade que compaxina coa súa faceta de investigadora no ámbito artístico. É autora do libro "Pintar en la era digital". Foi comisaria da exposición permanente do Museo Man de Camelle e directora do proxecto. Participou en máis dun cento de exposicións nacionais e internacionais.

<http://www.carmenhermo.com>

